



ADEMAIS...

As redes sociais  
énchense de calcetíns  
desparellos no 21M

España dobra os seus  
deberes pendentes coa  
discapacidade,  
segundo a ONU

Nova edición do  
Campeonato de Baristas  
Down de Galicia

DÍA MUNDIAL DA SÍNDROME DE DOWN

**“Non queremos incapacitacións, senón apoios para valernos por nós mesm@s”**

# ÍNDICE

|  |    |
|--|----|
| 21M: Manifiesto das persoas coa síndrome de Down           | 3  |
| 21M: Éxito da campaña “Tan diferentes como iguais”         | 9  |
| 21M: Mochila ecolóxica para promover a diversidade         | 13 |
| 21M: Renfe colabora de novo nas reivindicacións            | 15 |
| Así foi o 8º Campionato de Baristas Down de Galicia        | 17 |
| España retrocede en Dereitos Humanos, segundo a ONU        | 21 |
| Convenio de inclusión laboral entre Down Galicia e Clece   | 25 |
| Down Galicia reclama de novo unha educación inclusiva      | 29 |
| Down Coruña planea co Concello o proxecto <i>Down Café</i> | 33 |
| Máis noticias?   | 35 |
| Séguenos!  | 36 |



ESPECIAL 21M

## “NON QUEREMOS INCAPACITACIÓNS, SENÓN APOIOS PARA VALERNOS POR NÓS MESM@S”



Co gallo da conmemoración do Día Mundial da síndrome de Down, as entidades Down de Galicia, en representación das persoas con esta alteración cromosómica e outras discapacidades intelectuais, alzan a súa voz para reclamar, unha sociedade máis inclusiva, diversa e plural.

Nacións Unidas aprobou en novembro de 2011 a declaración do 21 de marzo como Día Mundial da Síndrome de Down. Nesta ocasión, e dada a situación de alarma que se está a vivir en todo o país, a Federación Down Galicia, xunto coa asociación Down Coruña, decidiron cancelar o acto que ambas entidades ían celebrar na cidade herculina o propio sábado 21 de marzo.

Este evento incluía a entrega dos VII Premios Down Galicia, que teñen por obxecto recoñecer o labor a prol da promoción da autonomía e igualdade das persoas coa síndrome de Down, realizado tanto por institucións e entidades como por persoas particulares. Os premios, que serán entregados nunha data aínda por determinar, recaeron nesta ocasión en Vegalsa-Eroski, na categoría institucional, e en Carlos Negreira, na categoría particular.

### **Principais demandas do Movemento Down en Galicia**

Son moitas as reivindicacións que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais levan poñendo de manifesto desde hai anos. Demandas amparadas na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, aprobada pola ONU en 2006 e ratificada polo noso país o ano seguinte.

En primeiro lugar, unha atención temperá pública e de calidade. Desde a Federación consideramos necesario ter regulada e funcionando unha rede pública e gratuíta de atención temperá que responda ás necesidades dos nenos e nenas de 0 a 6 anos.

Unha educación inclusiva e non segregadora. Debemos ter en conta que se se segrega ao alumnado, sexa cal sexa a causa, sobre todo nunha idade temperá, non estamos avanzando na construción dunha sociedade tolerante e respectuosa coa diferenza e coa diversidade. A atención á diversidade é de vital importancia para a construción de sociedades máis xustas e enriquece tanto a aquelas persoas que presentan algunha dificultade como ao resto.

Para promover e asegurar unha educación e unha aprendizaxe de calidade para as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en igualdade de condicións que o resto, debe existir unha regulación axeitada da atención á diversidade. prestación de apoios para que o alumnado con necesidades de apoio compartan non só espazos, senón tamén actividades e experiencias; e tamén regularizar as certificacións de estudos para garantir unha acreditación que permita ao alumnado con discapacidade con necesidades de apoio educativo lograr unha titulación para a continuación dos seus estudos ou para o desempeño laboral se superan as materias con adaptación curricular.

Down Galicia aposta tamén polo emprego inclusivo, xa que o acceso a un posto traballo é un dereito universalmente recoñecido. Desde a Federación demandamos o aumento da inversión no eido do emprego inclusivo e unha aposta clara pola promoción de políticas de emprego de inclusión laboral na empresa ordinaria, en lugar da preferencia amosada por parte das administracións polos centros especiais de emprego.

Tamén é necesario coñecer as necesidades de atención e diagnóstico no proceso de envellecemento das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Trátase dunha nova realidade que xa evidencia carencias existentes para afrontar esta situación, xa que en moitas ocasións se normaliza a deterioración física e/ou cognitiva como algo habitual das persoas con esta condición xenética.

Por último, a Federación demanda a desaparición, por inaceptablemente discriminatoria, de calquera proceso, xudicial ou administrativo, polo que se retire, elimine, prohiba ou simplemente se restrinxa a capacidade de obrar dunha persoa por razón da súa discapacidade (as chamadas incapacitacións) e a eliminación de toda institución substitutiva da vontade civil das persoas con discapacidade, xa se trate de tutelas, curatelas ou calquera outra institución similar. No seu lugar, solicítase a instauración do novo sistema de apoios á capacidade de obrar, formulado pola Convención sobre os Dereitos das Persoas con discapacidade





## ESPECIAL 21M

### **CALCETÍNS DESPARELLADOS ENCHEN AS REDES SOCIAIS PARA CONCIENCIAR DA IGUALDADE QUE HAI NA DIFERENCIA**

Para conmemorar o Día Mundial da Síndrome de Down, que se celebrou en todo o mundo o sábado 21 de marzo, Down Galicia sumouse este ano á iniciativa internacional dos calcetíns desparellos creando a campaña “Tan diferentes como iguais”.

Este proxecto busca concienciar e apostar pola importancia da inclusión e da diversidade. Deste xeito, preténdese poñer en valor o concepto da diferenza e dar visibilidade á idea de que ningunha persoa é igual a outra e que, precisamente, esa diferenza é a que nos enriquece como sociedade.

Por iso a Federación quixo encher as redes sociais de calcetíns de todas as cores e estampados baixo as etiquetas #DíaMundialSíndromeDown e #CalcetinesDesparejados.

Ducias e ducias de imaxes deron apoio ao longo da fin de semana do 21M a esta reivindicación en Galicia, así coma miles en todo o mundo. Esta iniciativa ten a súa orixe no Reino Unido, grazas a idea de Chloe Lennon, unha nena británica de 5 anos que, en 2018, pediu reivindicar a través das redes sociais que tod@s somos tan diferentes como iguais con esta orixinal idea.



## ESPECIAL 21M

### UNHA MOCHILA ECOLÓXICA PARA REIVINDICAR A DIVERSIDADE

“Unha mochila cargada de solidariedade” é o lema co que as entidades Down en Galicia e La Voz de Galicia puxeron á venda unha mochila *eco-friendly* con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down.

A venda deste produto ofrece a todas aquelas persoas que o desexen a oportunidade de colaborar de forma directa cos programas de inclusión e autonomía persoal que desenvolven as entidades Down en Galicia.

Deste xeito, quen estivese interesada en adquirir esta mochila puido reservar no seu quiosco máis próximo para poder recollela co xornal La Voz de Galicia entre os días 21 e 26 de marzo.

A mochila, feita en algodón reciclado de 150 g/m<sup>2</sup>, presenta un deseño moi atractivo no que se inclúe o lema da campaña de Down Galicia para este Día Mundial, “Tan diferentes como iguais”. Con este leitmotiv preténdese poñer en valor o concepto da diferenza e dar visibilidade á idea de que ningunha persoa é igual a outra e que esa diferenza é a que nos enriquece.

Nesta ocasión, a Federación opta por sumar esforzos a favor doutra reivindicación mundial histórica, a de salvar o noso planeta.

Por este motivo, e aproveitando que o Día Mundial da Síndrome de Down coincide co Día internacional dos Bosques, Down Galicia puxo á venda un produto sostible e respectuoso co medio ambiente.

Esta campaña pretende concienciar á sociedade e permitirlle aportar o seu gran de area para que as persoas coa síndrome de Down conten cos apoios necesarios e coas contornas adecuadas para levar unha vida autónoma, formando parte da súa comunidade de forma visible e activa, e demostrando as capacidades.

Esta iniciativa solidaria foi posible grazas á colaboración desinteresada de La Voz de Galicia e da Asociación de vendedores de prensa e rede de puntos de venda de La Voz de Galicia.





# Tan diferentes como iguais

21 DE MARZO · DÍA DA SÍNDROME DE DOWN



"Aínda que teñamos unha discapacidade, somos **adultos**, temos a nosa **personalidade** e a nosa **autonomía**!"

**DOWN**  
Galicia

  
downgalicia.org

Colabora  
**renfe**

## ESPECIAL 21M

### RENFE COLABORA DE NOVO NAS REIVINDICACIÓNS DO DÍA MUNDIAL

Renfe e Down Galicia colaboran novamente este ano para dar visibilidade ao Día Mundial da Síndrome de Down, que se celebra en todo o mundo o próximo 21 de marzo.

Nesta ocasión, a Operadora Ferroviaria e a Federación colocaron cartelería informativa nas estacións de A Coruña, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, Ourense, Pontevedra, Vigo (Guixar e Urzáiz), Vilagarcía de Arousa e Santiago de Compostela.

O ano pasado, Renfe colocou máis de 2.000 repousacabezas nos seus trens de Servizo Público que circularon polo Corredor Atlántico durante os días previos e posteriores á data.

Esta colaboración enmárcase dentro da Responsabilidade Empresarial de Renfe, que aposta por un modelo de xestión empresarial baseado nun firme compromiso co desenvolvemento dos seus empregados, a sociedade e a contorna, impregnando todos os niveis da compañía e todos os seus ámbitos de actuación.

A cartelería, deseñada polo Departamento de Comunicación da Federación Down Galicia, é parte da campaña "Tan diferentes como iguais", que reivindica a igualdade na diferenza, que enriquece a sociedade.

## ASÍ FOI O 8º CAMPIONATO DE BARISTAS DOWN DE GALICIA

Varios mozos e mozas da Fundación Down Compostela e a Asociación Down Vigo participaron o 8 de marzo no VIII Campionato de Baristas Down de Galicia que organizaron Cafento e as dúas entidades no Pazo de Adrán (Teo).

O equipo Iku Down, de Down Compostela, conseguiu o premio ao mellor capuccino, mentres que Los Cafeínos, de Down Vigo, logrou vencer nas categorías de mellor espresso e combinado frío sen alcol con base de café.

Vanessa, Manuel, Irene, Patricia, Kevin e David integraron o equipo Iku Down, mentres que en Los Cafeínos foron Andrea, Diego, Rosana, Samu, Pedro e Víctor. Ante un público formado por unhas sesenta persoas, prepararon dous espressos, dous cappuccinos e un combinado frío.

David Sangiao e Tamara Rey, os dous xuíces profesionais que avaliaron o traballo, destacaron o “excelente traballo e dedicación” de tódalas persoas participantes no VIII Campionato de Baristas Down de Galicia.

Os e as integrantes dos dous equipos recibiron oito horas de formación por parte de profesionais de Cafento. Diego López foi o formador do equipo de Down Compostela nas instalacións da marca no Polígono do Tambre e Alba Rodríguez foi a preparadora de Down Vigo na sede da Asociación viguesa.

### Sobre os Campionatos de Baristas Down

Os Campionatos Baristas Down son unha iniciativa pioneira no mundo da empresa cafeteira Cafento, que consiste en levar as competicións entre profesionais expertos na cultura do café de calidade ás persoas coa síndrome de Down.

O primeiro Campionato Barista Down desenvolveuse en Galicia no ano 2012, sendo coorganizado pola Fundación Down Compostela co obxectivo de visibilizar o traballo das persoas coa síndrome de Down e as súas posibilidades de integrarse no mercado laboral como baristas. En 2013 celebrouse a súa segunda edición contando nesta ocasión, ademais, coa participación da Asociación Down Vigo.

Grazas a estes certames, máis dun centenar de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, de toda España, puideron formarse como especialistas no mundo do café. Deles, case unha trintena tivo ocasión de realizar prácticas laborais en diversos tipos de establecementos de hostalería.

Varias das persoas participantes nos diversos campionatos foron contratadas de modo temporal pola propia Cafento. Pero, máis aló de pretender contribuír á inserción laboral, e consecuente autonomía das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, os Campionatos Down queren ser unha oportunidade para visibilizar a este colectivo como persoas diferentes, pero perfectamente capaces.



VIII CAMPIONATO  
**BARISTA  
DOWN**  
2020 GALICIA  
*Mellor espresso*  
VIII Campionato Barista Down de Galicia  
Venres 06 de marzo de 2020

VIII CAMPIONATO  
**BARISTA  
DOWN**  
2020 GALICIA  
*Mellor cappuccino*  
VIII Campionato Barista Down de Galicia  
Venres 06 de marzo de 2020

VIII CAMPIONATO  
**BARISTA  
DOWN**  
2020 GALICIA  
*Mellor combinado de café*  
VIII Campionato Barista Down de Galicia  
Venres 06 de marzo de 2020

## ESPAÑA EMPEORA NO EXAME DE D.H. DA ONU E DOBRA OS SEUS DEBERES PENDENTES COA DISCAPACIDADE

O Consello de Dereitos Humanos de Nacións Unidas reflicte no seu informe que España atópase en peor situación que hai 5 anos, cando foi avaliada por última vez, xa que incrementou notablemente o seu número de tarefas pendentes en canto á protección dos Dereitos Humanos. Pasa de 188 recomendacións a 275, un 46,7% máis. A situación agrávase moito se falamos de discapacidade, pasando de apenas 7 recomendacións a 18, un 157% máis.

O Exame Periódico Universal, un mecanismo do Consello de Dereitos Humanos da ONU que avalía cada cinco anos os progresos en materia de garantías fundamentais de cada un dos seus 193 Estados membros, publicou a finais de xaneiro as recomendacións do seu Grupo de Traballo para España. Entre os 275 deberes, 18 deles teñen que ver cos Dereitos das Persoas con Discapacidade.

Entre as propostas xerais destaca a de intensificar os esforzos para incluír activamente ás persoas con discapacidade dentro da sociedade e eliminar todos os obstáculos que as limitan en todos os ámbitos de participación como cidadás e cidadáns.

### Educación inclusiva, saúde e cuestión de xénero, as cuestións máis demandadas

A medida concreta máis repetida no informe é a que demanda a España que asegure que os nenos con discapacidade exerzan os seus dereitos á educación, a autonomía e a participación na sociedade en igualdade de oportunidades. O exame fai referencia de maneira textual á “educación inclusiva” en varias ocasións, un dos asuntos pendentes máis esperados pola comunidade educativa.

Outro dos puntos máis solicitados no ámbito da discapacidade corresponde á garantía da accesibilidade e dispoñibilidade dos servizos de saúde en igualdade de condicións que o resto da cidadanía. O mesmo ocorre coa protección e visibilización en cuestións de xénero. O informe demanda a necesidade de identificar e previr posibles discriminacións cara á muller con discapacidade e propón unha maior protección dos seus dereitos.

A delegación española agradeceu na presentación do informe as propostas e dixo que as “estudará con detemento”. Esta comunicará o resultado final desa análise en xuño, cando lle corresponderá especificar que recomendacións seguirá.

[Le aquí o informe do consello da ONU \(Inglés\)](#)



## CONVENIO ENTRE DOWN GALICIA E CLECE POLA INCLUSIÓN LABORAL

A Federación Down Galicia asinou en febreiro un convenio de colaboración coa compañía multiservizos Clece S.A. Este convenio, presentado nun acto en Santiago de Compostela, enmárcase dentro da área de emprego de Down Galicia, que ten por obxectivo fomentar a inclusión no mercado laboral ordinario das persoas usuarias das entidades Down na comunidade.

O acordo consta da realización de distintas accións que promovan a inserción laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais a través da sensibilización das persoas traballadoras de Clece e das súas filiais. Desta forma, minimizaranse as diferentes barreiras coas que se atopa o colectivo no proceso de busca de emprego.

Dentro das accións propostas, destacan as campañas de difusión e sensibilización, a colaboración en eventos de contido social, a participación no portal Inclusión&Empleo e a comunicación, difusión e publicidade de colaboracións sociais.

Clece expresa ademais a súa vontade de promover e adoptar, en colaboración coa Federación Down Galicia, outros mecanismos que contribúan a fomentar a inserción laboral e o benestar das persoas en situación de vulnerabilidade, de maneira que se poidan alcanzar sucesivos acordos nesta materia.

Na sinatura, que tivo lugar o 4 de febreiro, Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, salientou “a necesidade de contar co apoio do tecido empresarial galego, pois é crucial para que o futuro da nosa sociedade estea baseado na igualdade, a equidade e a inclusión de todas as persoas”. Prieto aproveitou a súa intervención para convidar “a todos os empresarios e empresarias a descubrir o moito que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais teñen que ofrecer”.

Por parte de Clece, Flavia González, responsable de Selección de Persoal e Inserción, resaltou que “con este convenio trátase de impulsar a colaboración para o fomento do emprego con apoio que tan bos resultados nos deu noutros lugares de España” e indicou que “a intención por parte da empresa é seguir acollendo a todos os colectivos e, con este en concreto, tivemos moi boas experiencias nas prácticas non laborais en Vigo”.

Una empresa  
de personas  
por personas

**DOWN**  
Galicia  
Federación  
Síndrome  
de Down

**DOWN**  
Galicia  
Federación  
Síndrome  
de Down

**DOWN**  
Galicia  
Federación  
Síndrome  
de Down

**Flavia González Saura**  
Responsable de selección de Personal e  
Inserción de Clece S.A.

**Delmiro Prieto González**  
Presidente de Down Galicia

## DOWN GALICIA REIVINDICA DE NOVO A EDUCACIÓN INCLUSIVA

Down Galicia aproveitou o Día Internacional da Educación, unha efeméride dedicada a recoñecer o papel fundamental deste proceso na creación de sociedades sostibles e evolucionadas, para reivindicar novamente a importancia da construción dun modelo educativo inclusivo baseado nos principios de calidade, equidade, flexibilidade e respecto á diversidade.

A evolución das nosas sociedades esíxenos dar un paso cara diante na defensa dos dereitos das persoas con discapacidade, para garantir a igualdade de oportunidades para o seu pleno desenvolvemento a través dunha educación inclusiva. Desde hai máis de 20 anos, a Federación cree que o proceso de transformación educativa é ineludible e que non podemos obviar o camiño cara unha educación de carácter inclusivo.

A educación inclusiva implica cambios para dar resposta ao modelo social de apoio e atención ás persoas con discapacidade fronte ao modelo rehabilitador. As persoas con discapacidade non son a raíz do problema, senón que o son as diferentes barreiras coas que se atopan e as limitacións da propia sociedade para prestar servizos apropiados e para asegurar adecuadamente que as necesidades das persoas con discapacidade sexan tidas en conta dentro do sistema educativo.

### O dereito a unha educación inclusiva

A educación é un dereito humano, unha responsabilidade colectiva e un pilar fundamental no desenvolvemento de calquera sociedade. Deste xeito, as sociedades avanzadas deben estar dotadas de institucións capaces de garantir este dereito a toda a poboación, sen excluír a ningún individuo por ningunha causa. É dicir, deben garantir, sen condicións, unha educación inclusiva.

A Federación leva desde hai anos poñendo de manifesto que o sistema educativo español é discriminatorio coas persoas coa síndrome de Down e vulnera o establecido nos tratados internacionais.

Por este motivo, Down Galicia considera urxente a reforma da lexislación educativa e a implantación dun sistema que respecte o principio de educación inclusiva, baseado na igualdade de oportunidades e a non discriminación das persoas por razón da súa discapacidade. É por iso que a Federación quere poñer en valor os pasos dados polo actual goberno na modificación da actual Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que está a provocar un retroceso irreversible nos avances conseguidos en materia de integración e inclusión escolar.

O dereito a unha educación inclusiva está avalado pola Convención Internacional da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, que no seu artigo 24 afirma que “os Estados asegurarán un sistema de educación



inclusivo a todos os niveis para as persoas con discapacidade”. Esta Convención foi ratificada en 2008 e aprobada por unanimidade polo Parlamento e é de obrigado cumprimento en España ao ter rango de tratado xurídico internacional de Dereitos Humanos.

### **A necesidade do compromiso de docentes e profesionais da educación**

Desde o Movemento Down pídese ao profesorado e demais profesionais do ámbito da educación que sumen esforzos e poñan toda a súa vontade para non apartar nin deixar atrás a ningún alumno ou alumna pola súa discapacidade.

Cada día existe un maior número de centros educativos que non se conforman e que están a implantar sistemas, metodoloxías e enfoques inclusivos na súa docencia, evidenciando que é posible que a escolarización inclusiva do alumnado con discapacidade sexa unha realidade, logrando a participación e o aprendizaxe de todas e todos.

Alén diso, o Movemento Down é consciente de que este compromiso debe ir en paralelo ao das administracións públicas, pois a inclusión esixe uns recursos necesarios para que os centros educativos poidan prestar os apoios que se necesitan. Na actualidade, os devanditos medios son, á vista de todos os axentes educativos, insuficientes e pouco planificados.

### **Recursos de apoio editados por Down Galicia**

Para apoiar aos profesionais da educación no seu traballo a prol dunha escola máis inclusiva, Down Galicia ten editados varios recursos que poden serlles de moita utilidade no seu día a día.

Así, a Federación pon a disposición de toda a comunidade educativa o seu [Punto Virtual de Educación](#).

Este portal web inclúe información, recursos, boas prácticas e metodoloxías educativas adaptadas, facilitando así un recurso máis na atención á diversidade presente nas aulas. Deste xeito, estase a promover e a fomentar a participación e a aprendizaxe do alumnado coa síndrome de Down ou con outras discapacidades intelectuais.





Futuros baristas de Down Coruña

## DOWN CORUÑA PLANEA CO CONCELLO LANZAR O PROXECTO DOWN CAFÉ

A asociación Down Coruña e o goberno municipal da cidade perfilan o proxecto de inclusión socio-laboral “Down Café”, unha iniciativa na que a entidade e o concello levan traballando dende xuño do ano pasado.

A Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación del Concello de A Coruña subscribiu coa entidade Down un convenio de colaboración o pasado mes de novembro, coa finalidade de contribuír á realización dun programa de adestramento para adquirir e mellorar as habilidades de comunicación persoal e social de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Tras este acordo, a xunta de goberno local decidiu a finais de febreiro a concesión demanial directa e gratuíta dunha parte do quiosco municipal da praza de Ourense, de titularidade pública, a Down Coruña.

O proxecto ten como obxectivo impulsar a inclusión socio-laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, promovendo a súa capacidade de autoxestión e iniciativa empresarial.

Deste xeito, persoas usuarias de Down Coruña terán a oportunidade de formarse en distintos traballos relacionados coa hostalería, como atención ao cliente e servizo e preparación de todo tipo de cafés.

## MÁIS NOTICIAS?

Accede a [www.downgalicia.org](http://www.downgalicia.org) para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para delas!

### [Down Lugo busca persoas voluntarias para os seus programas de formación e novas tecnoloxías](#)

Down Lugo está á procura de persoas positivas, activas, que queiran compartir o seu tempo colaborando nas actividades da entidade e axudar desta forma a mellorar a calidade de vida dos seus usuarios e usuarias.

### [Teima Down Ferrol recibe unha das insignias de ouro outorgadas polo Concello ferrolán](#)

Patricia Serantes, presidenta de Teima Down Ferrol, e o seu fillo Luís foron as persoas encargadas de recoller a insignia de ouro que o Concello de Ferrol concedeu a Teima o pasado día 7 de xaneiro. Nunha gala celebrada no Teatro Jofre, a entidade viu recoñecida a súa traxectoria e o seu traballo durante os últimos 25 anos.

### [Un mozo e unha moza de Down Ourense realizan prácticas na Universidade de Vigo](#)

O pasado 1 de febreiro, Ismael e Martina, membros da asociación Down Ourense, comezaron un período de tres meses de prácticas formativas en distintas instalacións da Universidade de Vigo. Ambos foron beneficiarios das bolsas coas que a Vicerreitoría quere promover a inclusión laboral.

## SÉGUENOS!



[DownGalicia.org](http://DownGalicia.org)



[Facebook.com/DownGalicia](https://Facebook.com/DownGalicia)



[Twitter.com/DownGalicia](https://Twitter.com/DownGalicia)



[Youtube.com/DownGalicia](https://Youtube.com/DownGalicia)



[Flickr.com/DownGalicia](https://Flickr.com/DownGalicia)

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo [comunicacion@downgalicia.org](mailto:comunicacion@downgalicia.org).

[Consulta a nosa política de privacidade](#)

**Subvencionado por**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL

